AMES

Grupo Municipal
Concello de Ames

Concello de AMES
REXISTRO XERAL
16 XAN. 2009
ENTRADA Nº.

**MOCIÓN PARA A POSTA EN MARCHA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE PLÁSTICOS AGRÍCOLAS, BOLSAS DE SILO E PLÁSTICOS DE INVERNADOIRO, A TRAVÉS DA COLABORACIÓN ENTRE O SIRGA E O CONCELLO DE AMES.**

Ramón García Argibay, Concelleiro do Grupo Municipal Popular No Concello de Ames, en nome e representación do mesmo e ó abeiro do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 1986, eleva ó Pleno da Corporación para o seu debate a seguinte Moción.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Uns dos obxectivos das administracións debe estar encamiñada á procura dunha agricultura e gandería sustentable. Na comunidade de Galicia a cantidade de plásticos agrícolas que se utilizan está preto das 7.700 toneladas ao ano.

O Concello de Ames tamén ten un carácter rural e debería fomentar a recollida destes materiais co fin de evitar a práctica dos vertidos ou da incineración de xeito incontrolado, feito que supón un problema medioambiental.

O sistema de recollida destes materiais, que é de balde, está programado pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e debería contar coa imprescindible colaboración do Concello.

O Concello de Ames, a pesar de estar adherido a este sistema, non ten ningún lugar habilitado como depósito para estes materiais aos que os agricultores e gandeiros poidan levar os residuos.

Polo tanto o Grupo Municipal Popular, propón para o seu debate a seguinte

**MOCIÓN**

- Rehabilitar e poñer en práctica o convenio firmado no seu día coa Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
- Iniciar unha campaña de información explicativa do sistema de recollida que chegue a todas as persoas relacionadas con actividades agrícolas e gandeiras como potenciais usuarios deste servizo.
- Habilitar un punto de acopio de residuos exclusivamente reservado para plásticos agrícolas debidamente delimitado e sinalizado que cumpra con todas as esixencias medio ambientais.

**En Ames a 16 de xaneiro de 2009**

**Asinado: Ramón García Argibay**

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Calidade e Avaliación Ambiental

## CONCELLOS QUE PARTICIPAN NO PROGRAMA DE RECOLLIDA DE PLÁSTICOS AGRÍCOLAS

| *Provincia da Coruña* | *Provincia de Lugo* | *Provincia de Ourense* | *Provincia de Pontevedra* |
|---|---|---|---|
| AMES | ABADIN | ALLARIZ | ARBO |
| ARANGA | ANTAS DE ULLA | ARNOIA | CAMBADOS |
| ARZUA | BALEIRA | BARCO (O) | CANGAS |
| BAÑA (A) | BARALLA | BOLA (A) | CUNTIS |
| BOIMORTO | BARREIROS | CASTRO CALDELAS | ESTRADA (A) |
| BOIRO | CASTROVERDE | CHANDREXA DE QUEIXA | FORCAREI |
| BOQUEIXON | CERVANTES | GOMESENDE | GOLADA (A) |
| BRION | BURELA | GUDIÑA (A) | LALIN |
| CAPELA (A) | CARBALLEDO | IRIXO (O) | MEAÑO |
| CARBALLO | CERVO | LEIRO | MOAÑA |
| CARNOTA | CORGO (O) | LOBIOS | MONDARIZ |
| CERCEDA | CHANTADA | MACEDA | MONDARIZ-BALNEARIO |
| CORISTANCO | FOLGOSO DO COUREL | MELON | NEVES (AS) |
| CURTIS | FONSAGRADA (A) | MONTEDERRAMO | PONTECESURES |
| DUMBRIA | FOZ | OURENSE | RIBADUMIA |
| FRADES | FRIOL | POBRA DE TRIVES | RODEIRO |
| IRIXOA | GUITIRIZ | MEZQUITA (A) | ROSAL (O) |
| LARACHA | GUNTIN | PONTEDEVA | SILLEDA |
| LOUSAME | INCIO (O) | RIBADAVIA | TUI |
| MAZARICOS | LANCARA | PARADA DO SIL | VALGA |
| MELIDE | LOURENZA | PEROXA (A) | VILA DE CRUCES |
| MESIA | LUGO | XINZO DE LIMIA | VILAGARCIA DA AROUSA |
| MIÑO | MEIRA | XUNQUEIRA DE AMBIA | |
| MONFERO | MONDOÑEDO | XUNQUEIRA DE ESPADAÑEDO | |
| MUGARDOS | MONFORTE DE LEMOS | SAN XOAN DE RIO | |
| MUXIA | MONTERROSO | SANDIAS | |
| MUROS | MURAS | VEIGA (A) | |
| NEGREIRA | NOGAIS (AS) | VILAR DE BARRIO | |
| ORDES | PALAS DE REI | VILARIÑO DE CONSO | |
| OROSO | PARADELA | | |
| ORTIGUEIRA | PASTORIZA (A) | | |
| OUTES | PEDRAFITA DO CEBREIRO | | |
| PADERNE | POBRA DE BROLLON | | |
| PADRON | POL | | |
| POBRA DO CARAMIÑAL | PONTENOVA (A) | | |
| PONTECESO | PORTOMARIN | | |
| PONTES (AS) | QUIROGA | | |
| PORTO DO SON | RIBADEO | | |
| RIBEIRA | RIOTORTO | | |
| ROIS | SAMOS | | |
| SAN SADURNIÑO | SARRIA | | |
| SANTA COMBA | SAVIÑAO (O) | | |
| SANTIAGO DE COMPOSTELA | TABOADA | | |
| SANTISO | TRABADA | | |
| SOBRADO | VALADOURO (O) | | |
| TEO | VILALBA | | |
| TORDOIA | VIVEIRO | | |
| TOURO | XERMADE | | |
| TRAZO | XOVE | | |
| VAL DO DUBRA | | | |
| VILASANTAR | | | |
| VILARMAIOR | | | |
| ZAS | | | |

Data da última actualización: 28 de marzo do 2008